

Camiña con elas. Non mires cara a outro lado

Hai realidades que unha sociedade nunca debería normalizar. Con todo, durante demasiado tempo convivimos cunha das maiores vulneracións dos dereitos humanos coma se ocorrese lonxe de nós: a trata e a explotación sexual de milleiros de persoas, coma se fose un problema alleo, reservado ás páxinas de sucesos ou a lugares que nunca pisamos.

Pero non é así.

Está máis preto do que pensamos. Escóndese en pisos anónimos dentro do noso propio edificio, en anuncios da internet que ignoramos, en estradas que percorremos unha e outra vez, en hoteis nos que nos aloxamos, en cidades grandes e pequenas... Adáptase, cambia de forma e atopa novos espazos para permanecer invisible.

E mentres as organizacións criminais evolucionan, nós seguimos aceptando demasiadas cousas como inevitables.

- Aceptamos que existan mulleres cuxo corpo poida converterse nunha mercancía.
- Aceptamos que quen consegue escapar teña que demostrar unha e outra vez que realmente é unha vítima.
- Aceptamos que denunciar supoña, para moitas delas, un risco maior que seguir soportando a explotación.
- E aceptamos que a burocracia e os longos procedementos atrasen durante anos a posibilidade de empezar de novo.

Nada diso debería parecernos normal.

Tampouco debería parecernos normal vivir nun dos países con maior demanda de prostitución do mundo, e seguir pensando que a explotación sexual é unha praga propia de xeografías afastadas. Cada vez que reducimos esta realidade a un asunto exclusivamente policial, esquecemos que ningunha rede criminal podería sosterse sen unha sociedade que, dunha ou outra forma, tolere as condicións que a fan posible. Porque a trata non empeza cando unha muller é explotada. Empeza moito antes.

- Empeza cando a vulnerabilidade se converte nunha oportunidade para quen se lucra con ela.
- Cando a desigualdade deixa a milleiros de mulleres sen alternativas.
- Cando a violencia contra as mulleres se banaliza.
- Cando a educación non logra construír relacións baseadas no respecto e a igualdade.
- Cando o consumo se normaliza
- e cando a indiferenza nos convence de que non é asunto noso.

Por iso, acabar con a trata esixe moito máis que perseguir a quen a organiza.

Esixe deixar de aceptar o inaceptable:

- Deixar de aceptar que alguén poida comprar a dignidade doutra persoa.
- Deixar de aceptar que o medo siga sendo o principal aliado das organizacións criminais.
- Deixar de aceptar que as vítimas carguen co peso de demostrar aquilo que xa sufriron.
- Deixar de aceptar que mirar cara a outro lado sexa unha opción.

Pero tamén esixe construír:

Construír unha sociedade que eduque ás novas xeracións no respecto e non na cousificación. Que ensine que o consentimento nunca pode comprarse e que a dignidade dunha persoa non ten prezo. Unha sociedade que rexeite abertamente calquera forma de explotación, que denuncie cando sospeite que unha muller está a ser utilizada, e que acompañe, en lugar de xulgar, a quen consegue saír desa realidade.

Tamén necesitamos institucións capaces de responder coa mesma rapidez coa que evolucionan as redes criminais.

- Leis máis eficaces.
- Procedementos especializados,
- Recursos suficientes
- e unha protección que sitúe realmente ás vítimas no centro. Porque unha sociedade comprometida tamén se constrúe desde unhas institucións comprometidas.

A boa noticia é que esta realidade pode cambiar.

Demóstrao cada muller que consegue recuperar a súa liberdade. Demóstrao cada profesional que decide non renderse. Demóstrao cada cidadán que denuncia, cada pai que educa, cada empresa que ofrece unha oportunidade, e cada persoa que entende que a explotación sexual non é un problema doutros, senón un desafío que nos interpela a todos.

A historia demostra que ningunha inxustiza permanece cando unha sociedade decide deixar de tolerala.

ESE MOMENTO É AGORA.

Porque o cambio non empeza cunha lei. Nin cunha organización. Nin cunha soa persoa.

O cambio comeza cando todos deixamos de aceptar o inaceptable. Hoxe Camiña con elas, Non mires cara a outro lado.